



HARRY POTTER

Esta estupenda colección de libros e películas, son a revolución de rapaces/as de tódalas idades. Neste intre, case todo o mundo coñece este título, que gaña moitísimos cartos cada vez que se saca unha nova publicación.

J.K.Rowling fíxose unha das mulleres máis ricas en todo o mundo, por exemplo, o primeiro día da publicación da terceira entrega, "Harry Potter e o prisioneiro de Azkaban", esperaba gañar polo menos 30.000.000 de Euros.

Esta magnífica escritora xa conta con seis libros desta colección e xa está a preparar a edición dun novo. As películas, ao meu xuízo, non manteñen total relación cos libros porque están incompletas e poden defraudar a moitos lectores. Tamén compre engadir que o máis importante dun libro é a imaxinación e coa película danche todo feito.

Nos "Castins" das películas a demanda de protagonistas era moi grande, pero finalmente saíron elixidos polo director de cine Chris Columbus; Daniel Radcliffe (Harry Potter), Emma Watson (Hermione Granger) e Rupert Grint (Ron Weasley). En pleno rodaxe da "Pedra filosofal" cumpriron as expectativas e para tódalas seguintes foron insubstituíbles.

Unha das cousas máis sorprendentes é a actitude que mantén o



protagonista despois da riqueza económica que posúe actualmente (o menor de idade máis rico do mundo); segue a comportarse como un rapaz humilde.

Despois da publicación da maior parte dos libros na nosa lingua (o galego) estase a comprobar que o balance é positivo xa que moitos nenos de media de

idade, nove anos, achegáronse aos puntos de venta para obter estes exemplares e así fomentar a lectura por medio da xa chamada "Pottermanía".

Animo a todos os rapaces e rapazas do IES a ler.

LAURA AYUDE PUGA, S3B

